

## INTRUCIÓNS MATRIMONIO OFICINA XERAL DE REXISTRO CIVIL DA CORUÑA

### DOCUMENTACIÓN:

- **CERTIFICADO LITERAL DE NACEMENTO ORIXINAL E ACTUALIZADO** de cada un dos cónxuxes. Se algún deles fose menor de idade, deberá ademais acreditar a emancipación ou a dispensa.
- **CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO INDIVIDUAL DE CADA UN DOS CONXUXES** do ou dos Concellos onde residisen durante os 2 últimos anos. No suposto de non residir en España, deberán achegar xustificante oficial do país onde residise os dous últimos anos
- **DECLARACION XURADA** da non existencia de impedimento de vínculo matrimonial (adxúntase coa solicitude) e só para o solicitante de nacionalidade española.
- **FOTOCOPIAS dos DNI/NIE/PASAPORTE** de ambos solicitantes
- En caso de ter fillos en común achegarán copia de DNI (se o tivesen) ou copia do seu certificado de nacemento.
- **CAPITULACIÓNS MATRIMONIAIS** (separación de bens) . En caso de querer facelas deberán ir a Notaría e eles encargaranse de envialas de maneira telemática.
- Se algún dos solicitantes estivese **DIVORCIADO ou VIÚVO** deberá achegar certificación literal de matrimonio orixinal onde conste inscrito o divorcio ou certificado de falecemento do cónxuxe falecido.
- As persoas con **NACIONALIDADE DISTINTA Á ESPAÑOLA** deberán achegar certificado de nacemento e certificado do estado civil do país de orixe orixinal e debidamente apostilados co selo de Apostilla da Haia ou legalizados polo Consulado correspondente con selo, data e firma orixinal. Os pertencentes á Comunidade Económica Europea poderán presentar os certificados plurilingües salvo os de nacionalidade Italiana ou Portuguesa que, deberán achegar un **CERTIFICADO DE CAPACIDADE MATRIMONIAL**.
- No suposto de ter algún dos solicitantes unha **DOBRE NACIONALIDADE**, de conformidade coa Instrución 635/2024 da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública deberán achegar o **CERTIFICADO DE SOLTERÍA** de ambos os países.

- **A documentación**, tanto española como estranxeira, achegada **non poderá ter unha antigüidade superior a 6 meses** desde a data de expedición ou apostila, de ser o caso; agás o volante de empadramento, que terá unha vixencia de 3 meses.
- **IMPORTANTE:** non fixar data de celebración da voda antes de presentar o expediente de matrimonio neste Rexistro e dispoñer xa dun número de expediente.

Para a presentación da solicitude e documentación abonda con que acuda unha das persoas interesadas ou incluso unha persoa en representación delas.

A voda poderá celebrarse en calquera Concello, Rexistro Civil ou Notaría de todo o territorio español.

As vodas neste Rexistro Civil da Coruña celébranse os venres (non festivos) en horario de mañá, entre as 11:30 e as 13:30 horas.

CITAS PARA PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN:

[registrocivil.acoruna@justicia.es](mailto:registrocivil.acoruna@justicia.es)